



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E A UNIVERSIDADE
DA CORUÑA PARA A INVESTIGACIÓN SOBRE OS PROCESOS DE DEPURACIÓN
EN GALICIA**

A Coruña, 22 de xullo de 2019

REUNIDOS



Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da citada entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

De outra parte, Julio Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña

MANIFESTAN

Primeiro. Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG Núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á



Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

Augas de Galicia é competente para o establecemento de convenios ou acordos de colaboración e cooperación con administracións e entidades públicas para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da entidade pública.



Segundo. A Universidade da Coruña (UDC) é unha entidade de dereito público que ten como fins prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a transferencia á sociedade. Para o mellor cumprimento, a UDC mantén relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais e promove a celebración de convenios de investigación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como de traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

Terceiro. A Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sostible, é un plan de acción que propón 17 obxectivos con 169 metas de carácter integrado e indivisible que abarcan ás esferas económica, social e ambiental. A Xunta de Galicia está firmemente comprometida co desenvolvemento sostible e coa aplicación da Axenda 2030 e traballa para incluír os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable nas súas políticas e iniciativas a todos os niveis. Concretamente, a Administración Hidráulica de Galicia traballa para acadar o Obxectivo 6: garantir a dispoñibilidade de auga, a súa xestión sostible e o saneamento para todos.

Así a Xunta de Galicia, a través de Augas de Galicia, veu realizando durante as últimas dúas décadas un gran esforzo investidor para financiar e executar obras de construción e mellora de sistemas de saneamento de augas residuais, o que permitiu que moitas aglomeracións contén xa con sistemas adecuados de recollida de augas residuais e de depuración, evitando desta maneira repercusións negativas sobre a contorna e mellorando o estado das masas de auga. O esforzo investidor veuse centrando nos sistemas de maior número de habitantes equivalentes, seguindo a filosofía e prazos

marcados pola Directiva 91/271 e o Plan de Saneamento de Galicia. Con todo, a Xunta de Galicia entende que é preciso avanzar neste proceso de tal modo que tamén os pequenos núcleos poidan contar con sistemas de depuración de augas residuais eficaces e adecuados, tal como contéplase no propio Plan.

O medio rural galego caracterízase pola dispersión da poboación e está condicionado por diversos factores, como son: factores físicos (unha rede hidrolóxica moi extensa, chan con pouca potencia, augas soterradas abundantes); factores bióticos (abundancia de zonas naturais protexidas, riqueza piscícola); e factores socio-económicos (poboación en recesión e dispersa, concellos pequenos e con poucos recursos).

Estes factores condicionan e deben terse en conta na planificación dos sistemas de abastecemento e saneamento; así, dotar de servizos de auga no medio rural non se pode realizar cos mesmos preceptos que no medio urbano.

En definitiva, a análise do territorio e a súa comprensión é clave para aportar as mellores solucións para garantir a dispoñibilidade de auga, a súa xestión sostible e o saneamento para todos.

Cuarto. A Universidade da Coruña (UDC) conta cun Grupo de Investigación en Enxeñería da Auga e do Medio Ambiente (GEAMA) cunha destacada traxectoria no diagnóstico, planificación e busca de solucións innovadoras e sostibles no ámbito dos sistemas de auga. No campo do saneamento liderou e desenvolveu un gran número de proxectos de investigación e innovación, especialmente no ámbito do saneamento en pequenos núcleos de poboación.

Dentro desta liña de investigación do GEAMA destacan o desenvolvemento dunhas *Directrices de saneamento no medio rural de Galicia*, o *Proxecto Mandeo*, centrado na auga no medio rural, e o desenvolvemento das ITOHG – ITEDAR, dedicadas á investigación na configuración e deseño de depuradoras de mediano e pequeno tamaño.

Na actualidade, o GEAMA ten abertas varias liñas de investigación específica sobre estas cuestións:

- 1) Desenvolvemento de indicadores de xestión e de sostenibilidade.
- 2) Procesos de depuración mediante humedais.
- 3) Optimización de procesos de depuración para a súa adaptación a pequenos núcleos, e establecemento de criterios de selección.
- 4) Análise da problemática e desenvolvemento de directrices de saneamento no medio rural.
- 5) Desenvolvemento de metodoloxías de estimación de custos de investimento e de explotación – mantemento en sistemas de saneamento de pequenas aglomeracións.
- 6) Tecnoloxía e modelos de xestión de augas grises.



Tendo en conta que a Universidade da Coruña centra a súa actividade na difusión do coñecemento, no fomento da investigación e na asesoría e que para Augas de Galicia é fundamental poder utilizar os resultados obtidos pola universidade nas súas investigacións, non só no ámbito rexional senón poder incorporar a súa experiencia de ámbito nacional e internacional ao ciclo da auga en Galicia; é de interese común para ambas as dúas partes actuar de forma coordinada para poder desenvolver diferentes actuacións e realizar intercambios de experiencias e coñecementos aportando as novidades obtidas en procesos de investigación de novas tecnoloxías, novas estratexias de xestión e planificación por parte da UDC e integrando a experiencia da Administración Hidráulica de Galicia.

Consecuentemente co exposto, as partes deciden desenvolver as actuacións que se detallan no clausulado deste convenio, para así conseguir unha maior rendibilidade de esforzos nesta materia, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e a Universidade da Coruña para o establecemento dunhas Directrices Estratéxicas de Saneamento no Medio Rural de Galicia, que teñan como base a integración dos espazos institucional-normativo, o físico-ambiental, e o espazo do coñecemento; co obxectivo principal de brindar á poboación mellores condicións de vida, unha xestión sustentable dos recursos hídricos e unha mellora do estado das masas de auga, de forma coherente coa política ambiental da UE, e impulsando o cumprimento da Axenda 2030 da ONU e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.



SEGUNDA. CONTIDO DA COLABORACIÓN

Para avanzar e mellorar no saneamento no medio rural, dadas as características do medio rural galego, as partes realizarán a súa investigación por fases:

1. Primeiro realizarase un diagnóstico da situación actual no que se teña en conta os factores físicos, como o clima e o relevo; os factores socioeconómicos e a dispersión da poboación; o marco normativo existente e os seus condicionantes; e a actual configuración dos sistemas de saneamento, as tipoloxías das redes, o seu estado e os usuarios, así como os recursos humanos que van explotar e manter as infraestruturas e a dispoñibilidade de recursos económicos. Nestas fases será moi relevante contar coa información dispoñible en Augas de Galicia derivada dos traballos realizados no ámbito do Plan de saneamento de Galicia.
2. En segundo lugar formularanse os obxectivos de carácter prioritario, para fixar o alcance da depuración nos pequenos núcleos de saneamento, tendo en



conta que a Directiva 91/271 fala de “tratamento axeitado” pero non define obxectivos de vertido específicos para aglomeracións de saneamento menores de 2.000 hab-eq. Para elo terase en conta os emprazamentos dos sistemas de depuración, os condicionantes do posible medio receptor ao que se realizaran os vertidos e as características específicas das liñas de proceso dos sistemas de depuración para pequenos núcleos de poboación: pretratamentos, primarios, biolóxicos e piezometría. Nestas fases haberá que integrar a experiencia de Augas de Galicia na tramitación de autorizacións de vertidos e a información dispoñible relacionada coa calidade das augas.

3. Por último, estableceranse unhas liñas de acción e metas para acadar os obxectivos perseguidos. Estas liñas de acción concretarase en distintos procesos de depuración como poden ser os humedais artificiais, as macrofitas flotantes, os filtros de area; os procesos de eliminación de nutrientes; os procesos complementarios de tratamento como a coagulación – floculación, a decantación lamelar, a flotación; e a xestión dos lodos. Nestas fases será moi importante transferencia de coñecemento entre ambas partes, de forma que estas liñas e metas se poidan integrar nos estándares técnicos de Augas de Galicia e nas tramitacións que se levan a cabo.



TERCEIRA. GRUPO DE TRABAJO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio crearase un grupo de traballo, formado por persoal de Augas de Galicia e da Universidade. A Universidade coordinará e impulsará os traballos do grupo, e desenvolverá en coordinación/colaboración con Augas de Galicia as actividades conducentes a conseguir os obxectivos principais fixados para este convenio: a elaboración dunha Directrices Estratéxicas de Saneamento no Medio Rural de Galicia e unha serie de ferramentas e metodoloxías de apoio á decisión para a súa implantación.



CUARTA.OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1. A Universidade da Coruña, obrígase a:

- Aportar ao grupo de traballo os medios materiais e persoais axeitados e necesarios, sen prexuízo de que Augas de Galicia lle compense parte dos custos nos que incorra.
- Coordinar o grupo de traballo e impulsar os traballos do grupo, e executar as actividades necesarias para a realización do obxecto do convenio.
- Recollida de información base para cada actividade de traballo.
- Apoio técnico a Augas de Galicia na revisión dos principios, metas e obxectivos, así como dos documentos técnicos e metodoloxías, necesarios para o desenvolvemento do documento de Directrices Estratéxicas.
- Apoio científico-técnico na elaboración de documentación parcial e final, coa aportación das materias novidosas obxecto do ámbito da súa investigación.

2. Augas de Galicia obrígase a:

- Aportar ao grupo de traballo os medios persoais axeitados e necesarios para a realización das actividades conducentes ao desenvolvemento das Directrices Estratéxicas citadas.
- Achegar toda a información relevante da que se dispoña actualmente para os efectos do desenvolvemento dos traballos obxecto deste convenio.
- Aportar, para os efectos do previsto neste convenio, as cantidades estipuladas na cláusula sexta en concepto de compensación parcial de custes á Universidade.



QUINTA. RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.



SEXTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO

En razón das achegas realizadas pola Universidade da Coruña para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, da que a súa desagregación queda recollida no Anexo I a este convenio, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de cento corenta e tres mil cincocentos (143.500,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, á conta 6299 “Outros servizos” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2019: 37.500 €

2020: 75.000 €

2021: 31.000 €

En canto aos prazos e modos do libramento da achega de Augas de Galicia á UDC, materializaranse mediante as transferencias dos fondos precisos á UDC logo da presentación en Augas de Galicia, antes do 30 de decembro da anualidade correspondente, da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste convenio:

- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas, e se acompañará as correspondentes facturas, no seu caso nóminas, ou documento acreditativo nas que se farán constar os gastos ocasionados e os distintos conceptos.

Non obstante, a medida que se vaian realizando as tarefas establecidas no anexo I, Augas de Galicia poderá realizar os abonos parciais establecidos para cada tarefa, a medida que a UDC xustifique a súa execución. En ningún caso, o importe abonado en cada anualidade superará ao comprometido para esa anualidade. Respectando o límite anterior, a menor execución nunha das tarefas poderá compensarse coa maior execución doutras unha vez quede acreditada aquela.

SÉTIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

OITAVA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.



NOVENA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efecto dende o día seguinte ao da súa sinatura, e estenderá a súa duración durante 24 meses.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e a UdC e tramitarase a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global. De ser o caso, o importe da anualidade 2019 e 2020 non xustificando pasará, respectivamente, á anualidade 2020 e 2021, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades.

UNDÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actividades descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- o incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.



DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. TITULARIDADE DOS RESULTADOS

A titularidade dos traballos e dos resultados obtidos no desenvolvemento deste convenio é compartida por Augas de Galicia e a Universidade da Coruña.

Tanto o persoal de Augas de Galicia como o da UDC poderá utilizar os resultados deste para a súa divulgación a través de artigos, conferencias, relatorios, etc, en revistas, libros, congresos ou seminarios de tipo científico, mencionando sempre a autoría das dúas partes (Aguas de Galicia - Xunta de Galicia e UDC) nas publicacións, artigos, conferencias, relatorios, etc que teñan por obxecto divulgar os resultados do convenio.


E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia



Ethel María Vázquez Mourelle

O reitor da Universidade da Coruña



Julio Abalde Alonso



ANEXO I. ORZAMENTO

		Achegas	
TAREFAS		Augas de Galicia	UDC
Tarefa 1	DOC1.- Revisión das bases de partida para a configuración das aglomeracións (h-e, cargas, caudais, ...). DOC2.- Proposta metodolóxica para a caracterización de fluxos. DOC3.- Revisión de marco normativo e condicionantes do saneamento no medio rural disperso.	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 2	DOC1.- Análise de alternativas para a configuración de sistemas de saneamento no medio rural. DOC2.- Proposta inicial de metodoloxía para a configuración das liñas de proceso da EDAR para cumprir obxectivos de vertedura. DOC3.- Revisión das características específicas dos sistemas de pretratamiento en pequenas aglomeracións.	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 3	DOC1.- Revisión das características específicas dos sistemas de tratamento primario en pequenas aglomeracións. DOC2.- Revisión das bases de partida para a configuración das aglomeracións (Revisión dos obxectivos de vertedura, masas de auga).	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 4	DOC1.- Análise de factores ambientais e técnicos que condicionan o emprazamento dunha EDAR.	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 5	DOC1.- Especificacións e adaptabilidade dos procesos de biomasa en suspensión. DOC2.- Especificacións e adaptabilidade dos procesos de biopelícula convencionais. DOC3.- Implicacións de liña piezométrica da EDAR na selección de alternativas.	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 6	DOC1.- Metodoloxía para a configuración das liñas de proceso en función da capacidade de acollida do emprazamento DOC2.- Integración de documentos e informes parciais nun documento de "Directrices estratéxicas de saneamento no medio rural".	12.500,00 €	4.500,00 €





Tarefa 7	DOC1.- Análise de especificacións, vantaxes e desvantaxes de humidais artificiais e sistemas con macrofitas flotantes. DOC2.- Análise de especificacións, vantaxes e desvantaxes de filtros de area como sistema de afino. DOC3.- Oportunidade de uso dos procesos de eliminación de nutrientes.	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 8	DOC1.- A redución de indicadores de contaminación bacteriolóxica e a súa adaptación a pequenas aglomeracións. DOC2.- Oportunidades de usos de procesos complementarios de tratamento (coagulación-floculación, decantación lamelar, flotación).	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 9	DOC1.- Características dos fluxos de lodos e pretratamiento, e implicacións da súa xestión. Alternativas.	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 10	DOC1.- Análise da xestión de lodos e residuos de solucións de saneamento individuais. DOC2.- Valoración das posibilidades de implantación de sistemas de medida de caudal e toma de mostras. DOC3.- Especificacións e adaptabilidade dos novos procesos de biopelícula .	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 11	DOC1.- Integración de documentos e informes parciais, e actualización, nun documento de " Directrices estratéxicas de saneamento no medio rural".	12.500,00 €	4.500,00 €
Tarefa 12	Organización de actividades de socialización e formación.	6.000,00 €	6.000,00 €
TOTAL		143.500,00 €	55.500,00 €

